



HISTORIA



Segundo explica o presidente da Sociedade Antropolóxica Galega, Rafael Quintiá, hai dúas grandes teorías para explicar a orixe do Entroido:

- Unha das orixes do Entroido relaciónano co cristianismo, como un período de licenza antes dos rigores da Caresma. A etimoloxía carne-levar, provén do latín vulgar que significa abandonar a carne. Máis tarde prevalecería para esta época o vocábulo Italiano Carnevale (deixar a carne), que é o comunmente usado hoxe en día como Caresma (período no que, segundo a relixión católica, algúns días non se podía comer carne)*
- Outra posible orixe é a que relaciona esta festa coas antigas mascaradas de invernía, que xa tiñan lugar en diversos puntos de Europa antes do cristianismo e que supoñen unha especie de esconxuro do inverno para que o sol volvra coller alento e a terra volvra dar froitos.*

Con todo, esta tradición, que navegantes españois e portugueses levaron ás Américas no S. XV., seguramente se remonte á sociedade exipcia de hai máis de 5000 anos.

Outras teorías atribúen a tradición carnavalesca á idolatración de Carna, filla de Heleno, deusa das fabas e o touciño. Como tradicións celtas, atopamos tamén referencias aos sete Entroidos ou Entroidos Galegos, que presumen de ser oficialmente recoñecidos como "Festas de Interese Turístico".

Xa no século XVIII hai documentos que recollen a Ourense como unha das provincias que demostra maior paixón e amor polos Entroidos. Hai xa tempo que se fala do triángulo máxico que forman Verín, Xíngo de Limia e Laza como o epicentro do entroido en Ourense.

A primeira parada no noso camiño será o concello de Laza, onde nos recibirán os icónicos peliqueiros. Esta festa empeza co Xoves de Comadres, cando os peliqueiros acompañan aos chamados folións e os homes se disfrazan de mulleres.

En Verín, a festa arrinca co Xoves de Compadres, no que se recrea a figura dun home e tradicionalmente os asistentes se disfrazan con chapeu e gabardina. Os cigarróns, son a figura característica do Entroido en Verín.

Xíngo de Limia posúe o récord de ser o máis longo do mundo. Durante un mes enteiro, o pobo tinguése de cor e os seus habitantes participan da festa con diferentes celebracións (o domingo fareleiro, o Oleiro, o corredoiro e o de Entroido). A figura tradicional deste pobo son as pantallas.

Pero hai outros Entroidos importantes, situados un pouco máis ao leste, como o de Viana do Bolo, Vilarinho de Conso e Manzaneda, e que sen dúbida ofrecen unha boa mostra do Entroido máis tradicional. Os maravillosos traxes dos boteiros (Viana e Vilarinho) e as máscaras (Manzaneda) son un dos atractivos dunhas celebracións que teñen as súas datas máis sinaladas entre o xoves de Compadres e o martes de Entroido.